

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 4 DE ABRIL DE 2005

2.- Solicitudes de licencias

Favorables.-

1724/04.- M^a Dolores Bello Castiñeiras.- Rehabilitación edificación na Rúa Castrón D'Ouro núm.22.-

123/05.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Derruba edificacións existentes na parcela núm.1 do PERI de Vieiro.-

1069/03.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S.L.- Modificación de licencia de construción de edificio na R/ Cruceiro de Sar s/n.-

2848/04.- EMS AYTEMS, S.L.- Constr. e apertura de nave (LAP/334/04) adicada á venda de aparatos médicos e ortopédicos no polígono de Costa Vella (SUNP-37).-

2849/04.- Distribuciones Cutrín, S.L.- Const. e apertura de nave (LAP/332/04) adicada á venda de medicamentos veterinarios no Polígono de Costa Vella (SUNP-37).-

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para á rehabilitación de vivenda do casco histórico que de seguido se detalla polo importe de 5.191,84 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Gustavo Adolfo Fernández Silva	R/ Carretas, 22-4º	5.191,84

8.- Aprobación definitiva do Proxecto modificado de urbanización do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7. Ponte Pedriña.

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto modificado de urbanización do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7. Ponte Pedriña.

9.- Aprobación definitiva do Proxecto técnico de expropiación para a execución da urbanización da parcela Monte Pío e do seu contorno con destino a Parque Público e usos institucionais.

Acórdase aprobar definitivamente o proxecto técnico de expropiación para a execución da urbanización da parcela Monte Pío e do seu contorno con destino a Parque Público e usos institucionais.

10.- Aprobación inicial do Proxecto de urbanización do polígono 1 do solo urbanizable programado número 2 (SUP-2) de Cornes

Acórdase aprobar inicialmente o devandito proxecto.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á prórroga do prazo de alegacións concedido a Interparking Hispania S.A. e Aparcamientos Sar en relación coa modificación da estrutura tarifaria dos aparcamentos públicos.

Acórdase prorrogar ata o 8 de abril de 2005 o prazo concedido ás empresas Interparking Hispania S.A. e Aparcamientos Sar S.A., adxudicatarias dos aparcamentos de Romero Donallo e Praza de Vigo, en relación á modificación da estrutura tarifaria dos aparcamentos públicos.

12.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa ó aluguer dun local anexo para uso da AAVV Francisco Asorey da Almáciga.

Considerando o escaso espacio co que conta a Asociación de Veciños “Francisco Asorey” da Almaciga para o correcto desenvolvemento das súas actividades, acórdase alugar un local anexo de 80 metros cadrados, polo prazo dun ano e polo prezo mensual de 450 euros (IVE incluído).

14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de reposición de beirarrúas en barrios do Concello.

Acórdase aprobar o proxecto de “reposición de beirarrúas en barrios do Concello”, redactado polos servizos técnicos municipais así como o prego de condicións e o inicio do expediente para a súa licitación polo importe de 60.000 euros e un prazo de execución de dous meses.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa para dar conta do proxecto de deseño e desenvolvemento do servizo de atención ó cidadán, presentado pola empresa SOLUZIONA.

Dase conta á Xunta de Goberno do proxecto de deseño e desenvolvemento do servizo de atención ó cidadán, presentado pola empresa Soluziona á que lle foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno de 26 de xullo de 2004.

URXENCIAS.-

-Acórdase solicitar do Instituto Galego de Consumo unha subvención de 84.590,11 euros para o gastos funcionamento e a actividades da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC), estimados en 112.314,45 euros-

-En cumprimento do convenio asinado o 5 de novembro de 2003 co Sindicato Labrego, Unións Agrarias e Xóvenes Agricultores-ASAJA co fin de facilitar a tramitación dos expedientes de recoñecemento de explotacións agrícolas de conformidade co dispotos na Disposición Transitoria Décimo Primeira da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acórdase o aboamento de 2.920,00 euros.

-A Xunta de Goberno Local acorda expresar á comunidade católica o seu pesar polo pasamento da Súa Santidade, Juan Pablo II, que na súa calidade de Papa da Igrexa Católica acadou unha dimensión histórica só superada pola súa propia dimensión humana e espiritual.

Compostela gozou da súa presenza en dúas inesquecibles ocasións, nas que Juan Pablo II se achegou ata nós como o máis humilde peregrino. Precisamente quen tanto fixera pola recuperación da esencia máis fonda deste histórico camiño de fé, ao que debe a súa propia existencia a nosa cidade.
